

Data	25/04/2018		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:25h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:45h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presidenta, Olga Alonso Suárez</li> <li>• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez</li> <li>• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias</li> <li>• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez</li> <li>- Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Purificación Bernárdez Álvarez</li> <li>• Anxos Collazo Trigo</li> <li>• Santiago Rodríguez Sánchez</li> <li>• María Teresa Freijido Román</li> <li>• Rafael Lestón Vázquez</li> </ul> </li> <li>- Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mª Jesús Granja Pereira</li> <li>• Mª Bertila Fernández Pérez</li> <li>• Mª del Carmen Rivas Corbacho</li> <li>• Luisa Rivas García</li> </ul> </li> <li>- Sector social: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pilar Álvarez Rey</li> <li>• Antonio Vázquez Vázquez</li> <li>• Isabel López Lorenzo</li> </ul> </li> </ul>		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector docente: Antonio Madrid Riskey</li> <li>• Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado</li> <li>• Sector docente: Cristina López Lobarina</li> <li>• Sector docente: Eudisia Deza Soto</li> <li>• Sector docente: Agostiño Nieto</li> <li>• Sector usuarios Yolanda González Larrañaga</li> <li>• Sector usuarios Fernando Vázquez González</li> <li>• Sector usuarios: Hadriana Prado Lorenzo</li> <li>• Sector usuarios: Lois García Rodríguez</li> <li>• Sector social: Luis Vilán Crespo</li> </ul>		

Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Sector social: Xabier Pérez Igrexas</li> <li>•Sector social: José Manuel Rodríguez Lago</li> <li>•Sector social: María José Ramos Martínez</li> <li>•Sector social: Non hai representante de ensinanzas artísticas</li> <li>•Sector social: José Álvarez Carpintero</li> <li>•Sector social: M<sup>a</sup> Teresa García Durán</li> </ul>
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

### Orde do día

- 1.- Lectura e aprobación das Actas anteriores, se procede.
- 2.-Informe da Presidenta do CEMV
- 3.-Informes das Comisións de Traballo
- 4.- Propostas de mocións:
  - Moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de recibir á maior brevidade posible a proposta de nova zonificación escolar de Vigo para dispor de tempo suficiente para a súa análise e elaboración de emendas.
  - Moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a dotación de recursos persoais para garantir unha educación inclusiva
- 5.- Rogos e preguntas

### Intervencións realizadas e acordos adoptados

#### 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores

A Presidenta informa de que se enviaron as dúas actas, a do Pleno ordinario do 9 de novembro de 2017 e a do Pleno extraordinario do 25 de xaneiro deste ano.

#### Acordo

Acórdase aprobar as actas das Xuntanzas Plenarias do 9 de novembro de 2017 e do 25 de xaneiro de 2018

## **2.- Informe da presidencia**

En primeiro lugar a Presidenta dá conta dos cambios que se produciron na composición deste órgano desde o último Pleno. No Sector Social incorpórase José Álvarez Carpintero, designado pola Confederación de Empresarios, en substitución de Jose Luís Sanz Escribano. Luís Vilán Crespo, director do IES de Teis foi designado representante dos directores/as de secundaria. No sector docente Agostiño Nieto Pazó substitúe a José Casas Freire, como representante do Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG).

A Presidenta informa de que na Xunta de Goberno Local do 15 de marzo se aprobou a proposta do procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do presuposto municipal de mantemento, o chamado programa de autoxestión. Di que neste momento se están facendo xa os ingresos aos centros.

Informa de que na rede de escolas infantís municipais, de 0 a 3, se recibiron 898 solicitudes en primeira opción e 1500 en 2ª opción, para as 621 prazas que hai sumando as 8 escolas. Explica que se está no proceso de asignación de prazas. Comunica que foi aprobada en Xunta de Goberno Local a cesión dun terreo en Bembrive, ao lado do Meixoeiro, unha parcela de 3542m<sup>2</sup> para que a Fundación Amancio Ortega constrúa unha Escola Infantil Municipal de 0 a 3 con 82 prazas. Ademais desta, van facer nunha parcela contigua un centro de atención para persoas con discapacidade psíquica e física que vai xestionar Amencer. Explica que o prazo de entrega da obra é de un ano e que ademais de construílo dotarán o centro de mobiliario.

A Presidenta informa de que rematou o prazo de presentación de solicitudes de Vigo en Inglés para este ano 2018 e que neste momento está no proceso de comprobación de solicitudes e de baremación. Explica que se ofertan 750 prazas e que se presentaron 811 solicitudes, e como xa se está vendo que algunhas non cumpren os requisitos, é probable que o 100% das solicitudes acaden praza. Explica que tamén se vén de aprobar o convenio con FOANPAS. Comenta que se desenvolveu o programa “Vigo Historia” centrado na reconquista para escolares de 5º e 6º de Ed. Primaria e que desde o día 24 se está a desenvolver o programa

Nautilus, O Tesouro de Vigo e dentro deste 1500 escolares de 5º, 6º de Ed. Primaria e 1º e 2º da ESO poderán visitar a exposición no Museo MARCO “Jules Verne: Os límites da Imaxinación”. Entre o 3 e o 10 de maio no Auditorio Municipal celebraranse as IX Xornadas Municipais de Teatro Escolar que se levan a cabo baixo a dirección da Escola de Teatro Municipal e na que participarán uns 340 alumnos e alumnas e permitirán que asistan como público uns 650 alumnos/as.

En canto a obras, di que no 1º trimestre de 2018 se fixeron nalgúns colexios obras nos baños (CEIP Vicente Risco, CEIP Illas Cíes, CEIP Carballal Cabral, CEIP Carasqueira, CEIP Eduardo Pondal). No CEIP Pintor Laxeiro fíxose a 1ª fase do acondicionamento nos baños do patio e no despacho de orientación e a recollida de augas pluviais aproveitando as obras que están a facer na rúa. Di que tamén se fixeron algunhas obras de mantemento no CEIP Javier Sensat e pequenas reparacións urxentes en varios edificios. As previsións de obras para o resto do ano, sempre supeditado ao orzamento, son entre outras: Acondicionamento das pistas polideportivas do CEIP Mestres Goldar e CEIP Javier Sensat, a renovación dos pavimentos das aulas da EEI Monte da Guía e CEIP Escultor Acuña, Os baños do CEIP Pombal, CEIP Valle Inclán, CEIP Ría de Vigo, CEIP San Salvador, CEIP Vicente Risco, a 2ª fase dos do CEIP Pintor Laxeiro e do CEIP Carballal Cabral, as duchas dos vestiarios do CEIP Chans Bembrive, impermeabilización na fachada do CEIP Ría de Vigo, o azulexado e cristaleira da fachada do CEIP García Barbón, arranxo dun almacén exterior no CEIP Sárdoma Moledo, o pintado interior dun edificio administrativo no CEIP Fontescura, o desbroce de terreo no CEE Saladino Cortizo e na EEI Cristo da Victoria a preparación dun baixo porticado. Tamén están previstas as obras de cambio de varanda exterior na EIM Santa Marta e na EM Música unhas reparación por humidades. En canto ao tema da Cubrición de Patios, dicir que estaban orzamentados tres e que destes o CEIP Virxe do Rocío e CEIP Carballal se iniciarán en maio para poder desenvolverse en período estival. No caso do CEIP Canicouva, estase a espera dun informe de Patrimonio da Xunta xa que se trata dun entorno protexido pola proximidade do Parque de Castrelos.

Contestando a preguntas que xurdiron en plenos anteriores, a zona de adaptación

do entorno do CEIP Illas Cíes para persoas con deficiencia visual, como o caso da nena Xabela, a Presidenta comenta que está redactado un proxecto global de obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas e para a adaptación ás necesidades desta alumna. Unha vez se aprobe, adxudicarase. En canto ao pintado do valado do IES Santo Tomé de Freixeiro, a obra sairá a licitación en maio co obxectivo de que se execute no verán. Con respecto á pregunta que xurdiu na Permanente, na que se solicitaba información sobre se habería chan destinado a uso educativo no PAU de Navia, explica que no Plan Parcial de Navia, na 2ª fase que está agora en exposición, existe dispoñibilidade dun terreo de uso educativo de 12576m<sup>2</sup>, preto da pequena rotonda do barco, e outro cun uso dotacional sociocultural de 7844 m<sup>2</sup>, ao carón do CPR Amor de Dios.

Pilar Álvarez pregunta se dentro das obras non está contemplado o acceso ao CEIP Párroco Don Camilo. Olga responde que teñen previsto pasar polo centro para presentarlles como sería este acceso, que se está traballando niso.

Anxos pregunta se no Plan Parcial está asignado este terreo de 12.576 metros a un centro de secundaria ou de Primaria. Olga responde que so se fai referencia a uso educativo, sen especificar.

### **3.-Informes das Comisións de Traballo**

#### INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA .

María Jesús Granja presenta o informe:

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa dedicou este trimestre á organización das xornadas “*Convive xogando*” que se celebrarán no mes de maio.

Datas: 28, 29 e 30 de maio

Lugar: Auditorio Municipal (280 prazas)

Horario: 28, 29 e 30 de maio de 10:00h a 12:00h e 29 de maio de 19:00h a 21:00h

Destinatarios: En horario de mañá alumnos e alumnas de 1º e 2º da ESO, 5 centros por días . O 29 pola tarde a actividade dirixirase a familias e público en xeral

Desprazamento: 15 autobuses con 50 alumnos e alumnas

Programa:

Luns 28 de maio\_Deporte e Muller

Proposta presentador da Comisión: Olga Alonso

- Chus Lago
- Begoña Fernández. Ex capitá da selección española balonmán.
- Cristina Cantero ou a capitá. CELTA Basket.

Martes 29 de maio\_Deporte e Diversidade

Proposta Presentador da Comisión. Bertila Fernández

- Chano Rodríguez, nadador multimedallista paralímpico
- Agustín Alejos\_AMFIV
- Javier Pitillas, Gerardo Fernández e Javier Fernández. Proxecto Discamino

Martes 29 de maio\_Tarde\_ Convive xogando

Proposta Presentador:

- Yago Yao. Pai e ex futbolista do CELTA
- Anunciación Davila, Tita. Adestradora de fútbol e balonmán
- Fernando Rodilla. Ex futbolista internacional do CELTA
- Borja Arca. Responsable de árbitros de fútbol sala de Vigo

Mércores 30 de maio\_Deporte e Xogo limpo

Proposta Presentador da Comisión: Antonio Vázquez

- Elena Casal. Árbitra de 1ª División Feminina de Fútbol e de 3ª División Masculina
- Antón Piñeiro. Expresidente do Club Balonmán Seis do Nadal
- Óscar Ferreras. Director das Escolas Deportivas das categorías inferiores do Vigo Rugby Club

Desenvolvemento do programa nos centros educativos

Esta Comisión considera necesario involucrar ao profesorado dos Centros Educativos que queiran participar para que traballen co alumnado antes da xornada. Durante a xornada de traballo na aula, os alumnos/as dos cursos participantes deben elaborar polo menos 6 preguntas entre todos, dúas destinadas a cada un dos relatores. Durante a xornada os centros formularán as preguntas propostas e todas aquelas que xurdan espontaneamente.

#### Decálogo dx deportista

Durante a xornada presentarase o “Decálogo dx deportista” elaborado por esta comisión que se entregará impreso a cada asistente. Posteriormente remitirase a centros educativos e clubs deportivos:



María Jesús pídelles a tódolos compañeiros do Consello que asistan as xornadas e que sobre todo contribúan á súa difusión, especialmente aqueles que están en contacto con centros educativos de secundaria. Di que sería unha magoa que, despois de todo o esforzo feito, non se difundiran o suficiente. Explica que o ideal é que o alumnado prepare na aula antes da actividade o tema que se vai tratar e que investigue sobre os relatores que van ver. Terían que levar preguntas preparadas para facerlles alí.

Pilar Álvarez di que no programa bota en falta que haxa mulleres que representen ás federacións, que está ben que haxa deportistas pero tamén pensa que é

interesante a súa visión como cargos federativos. M<sup>a</sup> Jesús di que tomarán nota para ocasións futuras.

A Presidenta agradécelle á Comisión o bo traballo feito e di que a ela lle gusta moito o formato que se escolleu, que é máis asequible comparado coa primeira opción que se tiña, a idea de facer unha gran charla no Auditorio Mar de Vigo. Pensa que igualmente se vai chegar a moito alumnado e que se van a tocar máis temáticas diferentes. Pensa ao igual que M<sup>a</sup> Jesús que agora é preciso darlle pulo entre todos para que asista moito alumnado, e propón que, en caso de que non se encha con alumnado da ESO se convide a alumnado de 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de Ed.Primaria.

## **INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA:**

Santiago Rodríguez presenta o informe:

Desde o último Pleno ordinario o traballo da Comisión de Equipamentos centrouse na zonificación. No mes de xaneiro presentouse unha moción en Pleno Extraordinario reclamando un documento coa proposta que a Xefatura Territorial estivo explicando a algúns sectores da comunidade educativa. Reclamación que aínda non tivo resposta.

Esta comisión segue estudando esta cuestión fundamental, reclamando un documento con toda a información e datos manexados pola Xefatura Territorial para fundamentar a súa proposta. A consulta non pode ser un mero trámite e ten que implicar o diálogo entre as partes na procura do consenso e coa maior transparencia posible.

### **4.- Propostas de mocións:**

**Moción da comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de recibir á maior brevidade posible a proposta de nova zonificación escolar de Vigo para dispor de tempo suficiente para a súa análise e elaboración de emendas.**



## ANTECEDENTES

Dado que:

- a Xefatura Territorial de Educación decidiu non implantar a proposta de nova zonificación escolar de Vigo neste proceso de admisión;
- que a comunidade escolar de Vigo amosou o seu rexeitamento do borrador coñecido;
- que o Consello Escolar é o órgano de consulta preceptiva e aínda non recibiu ningún documento coa proposta da Xefatura Territorial;
- que este órgano leva reclamando que se acometa esta tarefa dende 2010 e que se faga en base a un diálogo e ás necesidades reais da comunidade educativa, e con maior insistencia desde que sabemos da existencia dunha proposta.

## TEXTO

Por todo o exposto, o pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo reclama á Xefatura Territorial:

Que se nos envíe coa maior brevidade posible, para dispor de tempo suficiente para a súa análise e elaboración de emendas, a proposta coa que traballa a Xefatura Territorial, xunto con todos os datos e información elaborada polo Equipo Técnico, se é que en verdade se quere establecer unha zonificación consensuada.

---

A Presidenta quere facer constar que, independentemente de que para o curso que vén non existan en principio cambios, se causou moito dano con todo este proceso a moitos centros. A inxuedanza que se trasladou ás familias, que non sabían onde ían acadar os seus fillos se solicitaban un centro ou outro, prexudicou a moitos centros educativos. Di que lle preocupa que aínda por encima se diga que hai centros que tiveron moi poucas solicitudes, o cal é normal cando se está a xogar con eles. Un exemplo claro é o IES de Teis, que se di que case non tivo solicitudes para a ESO, pero é o normal despois de que se dixera que ese centro deixaría de ter ESO e Bacharelato. Comenta que houbo outros centros sobre os que se dixo que non lles garantirían o transporte, polo que as familias, ante o medo, tiveron que buscar outras opcións. Pensa que neste órgano está representada toda a Comunidade Educativa de Vigo, e independentemente de que teñan que emitir un informe cando lles chegue o documento borrador de zonificación, é bo e necesario que manifesten a súa opinión sobre este tema que se leva traballando anos neste órgano. É preciso que a Administración escoite a este órgano e a esta Comisión de Equipamentos xa que levan moito traballo feito no que se refire á zonificación.

## Acordo

Apróbase a moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación escolar no Concello de Vigo 15 votos a favor e 1 abstención.

### **Moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a dotación de recursos persoais para garantir unha educación inclusiva**

#### ANTECEDENTES

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, en declaracións públicas feitas o pasado curso, afirmaba que “unha das liñas prioritarias do departamento que dirixo é, precisamente, continuar avanzando na consecución dun sistema educativo cada vez máis integrador (...) e que a escola sexa o lugar onde os alumnos con necesidades específicas de atención educativa poidan desenvolver todas as súas competencias persoais, emocionais, profesionais e sociais”.

Para que isto sexa posible, os centros educativos teñen que dispoñer dos recursos necesarios para acadar a tan ansiada inclusión de todo o alumnado. Recursos materiais, recursos económicos e, sobre todo, recursos persoais. Resulta imprescindible que nos centros educativos haxa un departamento de orientación estable e formado por diferentes especialistas: orientador/a, mestres e mestras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe (PT e AL) que atendan ás necesidades do alumnado NEAE, dando resposta ás súas demandas.

O 9 de novembro de 2017 aprobouse en sesión plenaria do CEMV unha moción dando conta desta problemática. Agora estamos no momento de dotación de profesorado de cara ao novo curso, polo que vemos necesario facer fincapé neste tema.

#### TEXTO

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos: Que se lle esixan á Administración Educativa os profesionais necesarios en todos os Centros Educativos (orientadores/as, PT e AL) para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade, na que se dea resposta ás necesidades de todo o alumnado.

## Acordo

Apróbase a moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a dotación de recursos persoais para garantir unha educación inclusiva con 12 votos a favor, 3 votos en contra e 1 abstención.

Antonio Estévez comenta que o pasado día 20 se publicou unha orde no DOG coas prazas para dotación no concurso de prazas de aulas preferente con 56 prazas de PTs e ALs novos. María Teresa Freijido di que está moi ben, pero que iso non significa que sexa suficiente. Por que a realidade é que cada vez hai máis nenos con necesidades específicas e necesítase moito máis profesorado para eles. Valórase a sensibilidade que mostra a Administración ao convocar estas prazas, pero son totalmente insuficientes. Purificación Bernárdez di que logo hai outra cousa, as necesidades educativas créanse no propio curso. A administración ten que ser máis flexible e valorar dunha maneira máis razoable, e se xorde unha necesidade real durante un curso, terán que ter a máis profesorado especialista. Antonio Estévez di que ademais dos especialistas que vaian en comisión de servizos, en cada centro están os PT e AL que lles corresponden por catálogo e todos aqueles que se valoran por necesidade de maneira puntual. Si é certo que non se conceden todos, pero si naqueles casos que se considera máis necesario, logo de facer unha valoración de cada caso. María Teresa di que no papel, facendo cálculos, está claro que o servizo parece cuberto, pero logo na aula a realidade é complexa. E o certo que estes especialistas son insuficientes, e as veces incluso son itinerantes, e ocúpense de varios centros co cal a atención á diversidade dificultase. Está ben que a Xunta faga esforzos, pero aínda ten que facer máis. Ao mellor hai cousas nas que se pode “recortar” pero en recursos humanos desde logo non.

Bertila Fernández di que está de acordo co exposto, di que a realidade non ten nada que ver co que aparece no papel. Hai moitas familias desesperadas porque a atención non é suficiente, e cando acoden a expor o caso aos seus respectivos inspectores, danse moitas faltas de respecto, como por exemplo insinuar que o profesorado destes rapaces son uns vagos, cando eles fan un sobre esforzo para

sacar a estes rapaces para adiante. Pensa que a labor dos inspectores e defender á comunidade educativa, e non ser o parapeto da Administración, que é a imaxe que se está a dar. Necesítase que a Administración aposte dunha vez polos departamentos de orientación e contrate os especialistas necesarios.

Rafael Lestón quere insistir en algo que xa dixo noutros Plenos. Pide que cando se fale de centros públicos se faga referencia a centros sostidos con fondos públicos, que son o conxunto da comunidade educativa de Vigo. Cando se di no texto para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade, solicita que se cambie e se diga “para garantir unha educación inclusiva e de calidade”.

Bertila Fernández di que eles como representantes da escola pública non poden nin van defender outra cousa. Santiago Rodríguez lembra que o que se pide na moción é que se dote de profesorado especialista aos centros, e os únicos centros que dota a Administración é aos públicos. Non é competencia da Administración dotar de profesionais os centros sostidos con fondos públicos, polo que o debate carece de sentido. Rafael Lestón di que non dotan de profesorado directamente pero que si o poden facer de xeito indirecto a través do incremento da partida orzamentaria. M<sup>a</sup> Jesús en todo caso di que eles non van cambiar a moción, xa que eles traballan polo ensino público.

Rematado o debate a Presidenta solicita que se vote a moción. Rafael Lestón, docente representante de FSIE solicita facer voto particular. Manifesta que votará en contra da moción polos seguintes motivos:

La MOCIÓN presentada por FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, nos recuerda, en los antecedentes de ésta, en su primer párrafo, declaraciones realizadas por el Conselleiro de Educación, que transcribo literalmente de la propuesta:

>O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, en declaracións públicas feitas o pasado curso, afirmaba que “unha das liñas prioritarias do departamento que dirixo é, precisamente, continuar avanzando na consecución dun sistema educativo cada vez máis integrador (...) e que a escola sexa o lugar onde os alumnos con necesidades específicas de

atención educativa poidan desenvolver todas as súas competencias persoais, emocionais, profesionais e sociais”.<

En su segundo párrafo esta moción nos dice:

> Para que isto sexa posible, os centros educativos teñen que dispoñer dos recursos necesarios para acadar a tan ansiada inclusión de todo o alumnado. Recursos materiais, recursos económicos e, sobre todo, recursos persoais. Resulta imprescindible que nos centros educativos haxa un departamento de orientación estable e formado por diferentes especialistas: orientador/a, mestres e mestras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe (PT e AL) que atendan ás necesidades do alumnado NEAE, dando resposta ás súas demandas.<

Coincidiendo plenamente con lo expuesto en el párrafo anterior, y siendo como es presentada a su aprobación por el Consello Escolar Municipal de Vigo, órgano de representación y consulta, que aglutina a todos los representantes de todos los sectores que conforman la Comunidad Educativa de Vigo y que tiene, por tanto, como una de sus funciones fundacionales la representación de todos los alumnos y familias de la Ciudad, con independencia del centro en el que estén matriculados, considero necesario realizar una pequeña modificación en la redacción de la moción tal y como se presenta y transcribo literalmente:

>Que se lle esixan á Administración Educativa os profesionais en todos os Centros Educativos (orientadores/as, PT e AL) para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade, na que se dea resposta ás necesidades de todo o alumnado. <

La redacción que propongo dejaría la propuesta tal y como sigue:

Que se lle esixan á Administración Educativa os profesionais en todos os Centros Educativos (orientadores/as, PT e AL) para garantir unha educación inclusiva e de calidade, na que se dea resposta ás necesidades de todo o alumnado.

Esta nueva redacción daría respuesta a la demanda presentada y englobaría, así mismo, al conjunto de familias, sin que se vieran perjudicadas aquellas que han optado por la Educación Concertada, haciendo uso de su libertad de elección, tal y como les reconocen tanto los acuerdos firmados con las Administraciones, diversas sentencias y la propia Constitución española.

Es por tanto, como representante del conjunto de la Comunidad Educativa de Vigo, obligado votar NO a dicha propuesta en su redacción actual.

#### Acordo

Apróbase a moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a dotación de recursos persoais para garantir unha educación inclusiva con 14 votos favorables, 1 abstención e 1 voto en contra particular de Rafael Lestón.

#### 5.- Rogos e preguntas

Pilar Álvarez pregunta porque se quitaron horas de limpeza nos centros educativos. Di que ten falado coa empresa e con outros directores de centros e ninguén sabe o porqué desta redución. Outra cuestión que lle gustaría que se plantexara neste órgano é o tema das antenas wifi que se están a pór nos centros. Di que fixeron consultas á Xunta sobre o perigo que poden supor en non obtiveron resposta. Olga Alonso propón que se leven ao pleno seguinte estes dous temas, que o falen na Comisión de Equipamentos e que se consideran oportuno que o trasladen en forma de mocións.

Bertila Fernández plantexa un rogo referente ao CEIP Ramón y Cajal “Picacho”. Di que lles chegou un mail da ANPA que pasa a ler: Ante la confusión provocada por la salida en diferentes medios de comunicación este pasado sábado de la terminación de las obras de la nueva puerta de acceso a nuestro colegio, la ANPA quiere comunicar a sus socios, familias y de paso a todos los que nos estáis apoyando en esta larga lucha que a día de hoy las obras no están finalizadas, y los niños continúan entrando por donde siempre, por donde se ha calificado, no por nosotros, de terrible entrada”. Bertila explica que isto fai referencia a un artigo

que saíu no Faro de Vigo no que se recollen unhas declaración feitas polo Alcalde onde di que o centro xa ten entrada nova, que xa está rematada a obra e no que se citan as palabras do Alcalde referíndose á entrada actual como “esa terrible entrada” e “esa entrada lamentable” e dicindo que lle sorprende que a Xunta non cambiara a entrada. En honor á verdade, di Bertila, a entrada está ben, o terrible é o ambiente que están vivindo os nenos e nenas provocado pola degradación da zona e polo ambiente que provocan as persoas que van a traficar á porta do Albergue. Está claro que a Xunta non ten por que cambiar a entrada xa que está en perfectas condicións, e cando se fan ese tipo de declaracións ou se fan por descoñecemento da situación real ou tratando de provocar algo. O que se precisa para que esta entrada deixe de ser “terrible” é dignificar a zona, humanizándoa e manténdoa en condicións.

M<sup>a</sup> del Carmen Rivas pregunta acerca das obras que se falaran de facer na sede de FOANPAS, xa que sa gretas son grandes e entra moita humidade. Preguntan se hai unha data prevista para executalas. E a última pregunta é acerca de dúas moción que xa se aprobaran en Pleno, unha solicitando que se coloquen nos parques papeleiras para reciclar e outra pedindo que se colocaran marquesiñas nas paradas do transporte escolar. Bertila fernandez aproveita para reiterar unha petición que xa se fixera en varios Plenos e é que se visibilice ao Consello Escolar Municipal. Faise moito traballo desde as Comisións e practicamente non chega á cidadanía. “Gustaríanos que a cidadanía tivera coñecemento de todo o que se fai aquí”.

A Presidenta di que, con respecto ao tema das marquesiñas e das papeleiras de reciclaxe, preguntarán aos compañeiros e informarán no seguinte Pleno. En canto ás obras que preguntan no edificio do IME, explica que están previstas e que se irán facendo pouco a pouco segundo se poida. En canto ao que di da repercusión do traballo do CEMV explica que todas as mocións son trasladadas ás persoas as que se dirixen e a Prensa, pero non poden controlar que a Prensa publique algo sobre elas. Xa por último, con respecto ao “Picacho”, di que a última vez que estivo alí se estaban rematando as obras pero que agora mesmo non sabe dicir se xa se remataron ou non. O que si quere lembrar é que o feito de facer outra

entrada non foi unha proposta do Concello, foi unha proposta da Comunidade Educativa. Bertila di que está de acordo, pero que foi unha petición que se fixo como solución temporal, e o que non é correcto é dicir que hai unha entrada terrible e que a Xunta non a arranxa, porque non é verdade. O problema non é a entrada senón o ambiente. A Comunidade Educativa non está en contra do Albergue pero si do ambiente que se xera de “trapicheo” en torno a este. A idea era facer unha entrada temporal noutro lugar mentres se facían as labores de humanización da zona, que é o que realmente a vai dignificar. Olga Alonso explica que xustamente é agora cando se está a facer a humanización e que de feito se falou coa Comunidade Educativa para que lles dixeran se tiñan algunha petición aproveitando que se van facer as obras. O que se fixo foi o que se pediu. Olga di que non sabe como foron as declaracións porque non as viu, pero supón que o que se di é que esa reforma a está facendo o Concello porque é así. O que se falou é dar unha alternativa a eses usuarios do albergue durante o horario diúrno para que ocupen o seu tempo e tamén se falou de cambiar a entrada do Albergue, e en todo isto se está traballando, aínda que as cousas van máis lentas do que se desexaría.

Antonio Vázquez di que só quere aproveitar para comentar un dato. Comenta que na semana anterior se aprobaron as estatísticas do ensino no estado español e que no ensino público hai orzamentados, sumando todo o territorio, 6500 millóns menos de euros e no ensino concertado 160 millóns máis con respecto a 2009. E outra cousa que quere facer é un rogo aos integrantes de todo o CEMV para que se involucren nas Xornadas de Convivencia e Deporte para contribuír á súa difusión xa que o esforzo foi grande e sería unha mágoa que non houbera público suficiente. Di que el está disposto a ir a falar a algúns centros a explicar en que consisten as xornadas e que sería bo que todos fixeran o que puideran na medida das súas posibilidades para que acudan moitos alumnos/as. A Presidenta aproveita para dar as grazas ás Comisións por todo o traballo que desempeñan, que para chegar a un pleno hai moito traballo detrás e para levar a cabo unha iniciativa como esta hai moitas horas invertidas.



A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 19:45h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr  
A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez